

1.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE XANEIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Ausentes:

D^a. MARTA OVIEDO CREO (Interventora).

1. LICENZA DE OBRA.

1.1.- Acordouse conceder licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Casas Novas – Goiás – Lalín.

2.- INFORMES URBANÍSTICOS.

2.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 26/12/16 sobre información urbanística da parcela A-1 do polígono Industrial Lalín 2000 – Lalín.

2.2.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 26/12/16 de que non ten incoado expediente de infracción urbanística a edificación sita no camiño de Souto–Carragoso de Arriba, 61-Xaxán–Lalín.

3.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

3.1.- Acordouse a devolución de ingresos indebidos en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras relativa ao expediente de licenza de obra concedida para cambio de tellado na Igrexa Parroquial de Xaxán-Lalín .

4.- ALTAS DE AUGA E SANEAMENTO:

Acordouse aprobar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

5.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ó servizo do autobús “Food Truck”, restaurante rodante que levará a presentación da XLIX edición da Feira do Cocido de Lalín.

5.2.- Acordouse solicitar a renovación de autorización da instalación e uso de cámaras de videovixilancia fixas nas inmediacións da casa consistorial.

5.3.- Acordouse autorizar a adscrición á licenza de taxi nº 11 do vehículo de nova adquisición tipo turismo marca VOLKSWAGEN, modelo PASSAT, de 5 prazas e cor branca, pendente de matriculación.

5.4.- Acordouse aprobar a baixa do posto 62 G baixa voluntaria de postos de venda ambulante para os días de feira do ano 2017.

5.5.- Acordouse a tramitación e cobro en vía executiva con data 23 de maio de 2016 do posto da feira nº 29 C.

5.6.- Acordouse adherirse ao contrato de servizos de seguridade privada concertado para a vixilancia das parcelas municipais ubicadas no Parque Empresarial “Lalín 2000”: Parcela E-2 e Parcela E-3.

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

6.1.- Dáse conta do escrito presentado no que se solicita, a efectos de realizar unha investigación familiar e académica, acceso “ao arquivo municipal, ao censo, ao libro de emigrantes e outros documentos de poboación relativos ao Concello de Lalín.

6.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización para utilizar o espazo dentro do recinto do Concello de Lalín.

6.3.- Dáse conta do escrito presentado no que solicita permiso para levar a cabo a realización dun sorteo presencial o xoves día 5 de xaneiro de 2017 de vales de compra na Praza da Vila, ás 21:30 horas aproximadamente.
